

CONCRECIÓN CURRICULAR

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15023508	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	Narón	2023/2024

Contido	Páxina
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	7
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	8
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	8
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	9
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	10
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	11
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	11
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	12
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	12
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	12
o) Outros apartados	13

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Segundo o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece ordenación e o currículo de educación infantil, a educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galega.

EDUCACIÓN PRIMARIA

Segundo o Decreto 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade autónoma de Galicia, a educación primaria contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

b) A contribución á adquisición das competencias clave

Enténdese por competencias clave aqueles desempeños que se consideran imprescindibles para que o alumnado poida progresar con garantías de éxito no seu itinerario formativo e afrontar os principais retos e desafíos globais e locais: planificar hábitos de vida saudables, protexer o ambiente, resolver conflitos de forma pacífica, actuar como consumidores e consumidoras responsables, usar de maneira ética e eficaz as tecnoloxías, promover a igualdade de xénero, manexar a ansiedade que xera a incerteza, identificar situacións de inequidade e desenvolver sentimentos de empatía, cooperar e convivir en sociedades abertas e cambiantes, aceptar a discapacidade, apreciar o valor da diversidade, formar parte dun proxecto colectivo e adquirir confianza no coñecemento como motor do desenvolvemento.

A etapa de educación infantil supón o inicio do proceso de adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente e a etapa de educación primaria participa no proceso de adquisición. Ditas competencias aparecen recollidas na Recomendación do Consello da Unión Europea do 22 de maio de 2018.

A contribución das etapas de Educación Infantil e Primaria á consecución das competencias clave do currículo é como segue:

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL): na EI poténcianse intercambios comunicativos respectuosos entre o alumnado e coas persoas adultas. Na EP supón interactuar de forma oral e escrita, de maneira coherente e axeitada en diferentes ámbitos e contextos e con diferentes propósitos comunicativos. En ambas etapas implica mobilizar o conxunto de coñecementos, destrezas e actitudes que permiten comprender, interpretar e valorar criticamente mensaxes orais e escritas. Esta competencia constitúe a base para o pensamento propio e para a construción do coñecemento en todos os ámbitos do saber.

b) Competencia plurilingüe (CP): na EI iníciase o contacto con lingua e culturas distintas da familiar. Na EP supón empregar as distintas linguas de xeito apropiado e eficaz para a aprendizaxe e a comunicación, aproveitando as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas.

c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñeira (STEM): na EI o alumnado iníciase nas destrezas lóxico-matemáticas e dan os primeiros pasos cara ao pensamento científico a través do xogo, da manipulación e da realización de experimentos sinxelos. Na EP esta competencia permite o razoamento matemático en diferentes contextos, a comprensión e explicación da contorna a través da observación e experimentación e a aplicación dos coñecementos e metodoloxías aprendidas para resolver problemas relacionados coa vida cotiá e na sociedade nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

d) Competencia dixital (CD): na EI iníciase o proceso de alfabetización dixital aumentando a motivación, a comprensión e o progreso na adquisición das aprendizaxes así como o uso saudable e responsable das ferramentas dixitais. Na EP inclúe a alfabetización en buscar, obter, procesar e comunicar información. O alumnado debe coñecer os riscos e adoptar medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais e a ciberseguridade.

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA): Esta competencia implica, tanto para o alumnado de EI como o de EP, a capacidade de reflexión sobre un mesmo para autoconñecerse, identificar as emocións e sentimentos dos demais así como no desenvolvemento de actitudes de comprensión e empatía, colaborar cos demais de forma construtiva e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida.

f) Competencia cidadá (CC): O alumnado desenvolverá un conxunto de habilidades cognitivas, emocionais e comunicativas, coñecementos e actitudes que, favorecen a aprendizaxe de actitudes baseadas nos valores de respecto, equidade, igualdade, inclusión e convivencia.

g) Competencia emprendedora (CE): O alumnado de EI a través da curiosidade, iniciativa, imaxinación e proxectos cooperativos e o alumnado de EP a través da motivación, empatía e habilidades de comunicación e negociación chegarán adquirir un conxunto de valores e actitudes para afrontar os problemas e demorar a necesidade de satisfacción inmediata, aprendendo dos erros e asumindo riscos.

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC): O alumnado comprenderá e respectará as ideas, opinións, os sentimentos e emocións, se comunican de xeito creativo en distintas culturas e a través de distintas manifestacións artísticas utilízalas como fonte de enriquecemento e desfrute e considéralas como parte do patrimonio.

c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais

Na Educación Infantil atenderase ao desenvolvemento afectivo, á xestión emocional, ao movemento e aos hábitos de control corporal, ás manifestacións da comunicación e da linguaxe, as normas de convivencia e relación social, así como ao descubrimento da contorna, dos seres vivos que nela conviven e das características físicas e sociais do medio en que viven. Favorecerase que as nenas e os nenos adquiren autonomía persoal e elaboren unha imaxe de si mesmos positiva, equilibrada, igualitaria e libre de estereotipos discriminatorios, incluíndo o coñecemento da diversidade familiar existente.

Na Educación Primaria, os elementos transversais como son a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento, traballaranse a través de todas as materias cun tratamento específico nalgunhas delas.

Do mesmo xeito, desde todas as áreas promoverase o desenvolvemento dos obxectivos sostibles que se interrelacionan entre si e incorporan desafíos globais:

- A igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.
- Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.
- A educación para a saúde adoptando medidas para que a actividade física e a dieta equilibrada formen parte da práctica diaria dos alumnos e alumnas garantindo un desenvolvemento axeitado para favorecer unha vida activa, saudable e autónoma.
- A educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable, traballando os procedementos, actitudes e valores para que o alumando sexa crítico fronte á publicidade.
- A educación afectivo-sexual, previndo e facilitando recursos, técnicas e ferramentas que sexan alternativas aos comportamentos, actitudes, xestos, verbalizacións e desigualdades entre homes e mulleres normalizados e socialmente establecidos.
- A educación emocional e en valores ofrecendo respostas a todas as dimensións da persoa, cognitivos, conductuais e afectivas para o desenvolvemento integral da persoa.
- A acción titorial potenciando o desenvolvemento integral do alumnado promovendo unha educación de calidade. Os nenos e as nenas deben consolidar as destrezas sociais, coñecerse e aceptarse, aprender a decidir e a resolver os seus problemas.

Na práctica diaria, nas aulas de educación infantil e primaria, formarán parte das propostas educativas temáticas transversais evitando os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual, da identidade de xénero e da relixión. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista.

O fomento dos hábitos saudables, o fomento da creatividade, a autonomía, o traballo en equipo e a confianza nun mesmo e o sentido crítico son outras medidas a traballar nas dúas etapas educativas.

d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía

EDUCACIÓN INFANTIL

Os contidos nesta etapa organízanse tendendo cara un enfoque globalizador, que se entende como a opción que determina que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacións globais, situacións comunicativas, conflitos ou cuestións sociais, problemas de calquera tipo, nas cales se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas. Na proposta didáctica terán cabida o traballo por proxectos.

Aos nenos e ás nenas se lles ofrecerán situacións de aprendizaxe nas que poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións. Aprenden porque teñen interese polo que fan, senten curiosidade e van relacionando as novas aprendizaxes co que xa saben. Deste modo:

- Comparten os seus intereses coas familias, e prodúcese unha comunicación familia-escola moi importante.
- Con esta metodoloxía son cada vez máis autónomos e máis protagonistas do seu propio proceso ensino/aprendizaxe.
- Téñense en conta os intereses do alumando, á vez que se xeneran novas inquietudes con respecto ao mundo que os rodea.
- Os erros son o camiño para atopar a vía correcta, reforzando as accións positivas que realizan.

Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial que permita ao alumnado levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...

O xogo como actividade propia desta etapa é imprescindible, xa que as nenas e nenos mentres xogan, manipulan obxectos nun espazo e nun tempo, crean e transforman formas, tamaños, espazos, volumes, establecen relacións, deseñan situacións, manifestan as súas vivencias e experiencias e van afondando en novos niveis de relación e de interacción.

A afectividade será o fío condutor de todas as situacións de ensino-aprendizaxe. As nenas e os nenos deben sentirse seguros e construír coñecemento a partir da formación dunha autoimaxe positiva.

O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporaranse ás rutinas cotiás, xogos ou canción de modo que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara ó emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal, pero sempre dende unha maneira responsable, respectando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

EDUCACIÓN PRIMARIA

A metodoloxía empregada nesta etapa estará fundamentadas en principios metodolóxicos básicos aplicables en todas as áreas do currículo. Nos primeiros cursos da Educación Primaria terase en conta a vinculación metodolóxica coa etapa anterior e nos últimos cursos a vinculación coa etapa seguinte.

A metodoloxía será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa. Para isto prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Consecuentemente, os principios metodolóxicos que enmarcan a nosa actividade docente pretenden:

- Atender á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.
- Aprendizaxes integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade nas que o alumnado avance na consecución dos obxectivos propostos.
- Favorecer, mediante o traballo por proxectos, a organizar o pensamento favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe.
- Potenciar o traballo colaborativo e en equipo, a práctica vivenciada da participación, compromiso democrático e resolución pacífica de conflitos.
- Fomentar a motivación, curiosidade e a necesidade de adquirir e aplicar coñecementos, destrezas, actitudes e valores.
- Fomentar habilidades que permitan ao alumnado utilizar de forma autónoma a biblioteca e as TIC como recursos de aprendizaxe.
- Fomentar hábitos de lectura a través do Plan Lector, 20 minutos diarios na hora de Ler, e a través de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes en calquera soporte e formato.
- Fomentar hábitos de vida saudable a través da promoción do deporte e a inclusión das prácticas deportivas na vida cotiá, a través da reflexión sobre os hábitos alimentarios e a importancia da hixiene e o aseo para a mellora da saúde individual e colectiva.
- Utilizaranse todos os recursos materiais, organizativos e humanos para responder ás necesidades e características do alumnado.

Para levar a cabo estas actividades partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Utilizarase unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización do pensamento lóxico.

e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos

EDUCACIÓN INFANTIL

Os contidos nesta etapa organízanse tendendo cara un enfoque globalizador, que se entende como a opción que determina que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacións globais, situacións comunicativas, conflitos ou cuestións sociais, problemas de calquera tipo, nas cales se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas. Na proposta didáctica terán cabida o traballo por proxectos.

Aos nenos e ás nenas se lles ofrecerán situacións de aprendizaxe nas que poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións. Aprenden porque teñen interese polo que fan, senten curiosidade e van relacionando as novas aprendizaxes co que xa saben. Deste modo:

- Comparten os seus intereses coas familias, e prodúcese unha comunicación familia-escola moi importante.
- Con esta metodoloxía son cada vez máis autónomos e máis protagonistas do seu propio proceso ensino/aprendizaxe.
- Téñense en conta os intereses do alumando, á vez que se xeneran novas inquietudes con respecto ao mundo que os rodea.
- Os erros son o camiño para atopar a vía correcta, reforzando as accións positivas que realizan.

Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial que permita ao alumnado levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...

O xogo como actividade propia desta etapa é imprescindible, xa que as nenas e nenos mentres xogan, manipulan obxectos nun espazo e nun tempo, crean e transforman formas, tamaños, espazos, volumes, establecen relacións, deseñan situacións, manifestan as súas vivencias e experiencias e van afondando en novos niveis de relación e de interacción.

A afectividade será o fío condutor de todas as situacións de ensino-aprendizaxe. As nenas e os nenos deben sentirse seguros e construír coñecemento a partir da formación dunha autoimaxe positiva.

O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporaranse ás rutinas cotiás, xogos ou canción de modo que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara ó emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal, pero sempre dende unha maneira responsable, respectando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

EDUCACIÓN PRIMARIA

A metodoloxía empregada nesta etapa estará fundamentada en principios metodolóxicos básicos aplicables en todas as áreas do currículo. Nos primeiros cursos da Educación Primaria terase en conta a vinculación metodolóxica coa etapa anterior e nos últimos cursos a vinculación coa etapa seguinte.

A metodoloxía será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa. Para isto prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Consecuentemente, os principios metodolóxicos que enmarcan a nosa actividade docente pretenden:

- Atender á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.
- Aprendizaxes integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade nas que o alumando avance na consecución dos obxectivos propostos.
- Favorecer, mediante o traballo por proxectos, a organizar o pensamento favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe.
- Potenciar o traballo colaborativo e en equipo, a práctica vivenciada da participación, compromiso democrático e resolución pacífica de conflitos.
- Fomentar a motivación, curiosidade e a necesidade de adquirir e aplicar coñecementos, destrezas, actitudes e valores.
- Fomentar habilidades que permitan ao alumnado utilizar de forma autónoma a biblioteca e as TIC como recursos de

aprendizaxe.

- Fomentar hábitos de lectura a través do Plan Lector, 20 minutos diarios na hora de Ler, e a través de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes en calquera soporte e formato.

- Fomentar hábitos de vida saudable a través da promoción do deporte e a inclusión das prácticas deportivas na vida cotiá, a través da reflexión sobre os hábitos alimentarios e a importancia da hixiene e o aseo para a mellora da saúde individual e colectiva.

- Utilizaranse todos os recursos materiais, organizativos e humanos para responder ás necesidades e características do alumnado.

Para levar a cabo estas actividades partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Utilizarase unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización do pensamento lóxico.

f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso

A organización das materias en Educación Infantil e na Educación Primaria son os que figuran no Decreto 150/2022, do 8 de setembro e Decreto 155/2022, do 15 de setembro respectivamente.

As familias, no momento de facer a matrícula e/ou ao principio de cada curso escolar, poderán optar polas ensinanzas de de relixión e/ou proxecto competencial.

O colexio pertence á REDE DE CENTROS PLURILINGÜES DE GALICIA, perseguindo fomentar a pluralidade lingüística e cultural no centro educativo para lograr a plena integración do alumnado nun contexto cultural e económico globalizado. Tamén se promove o desenvolvemento dun currículo integrado das linguas para favorecer a transferencia dos coñecementos e as competencias dunha lingua a outras.

Na Educación Infantil contan con 20 minutos diarios en inglés. Este incremento das sesións dentro da aula en lingua inglesa lévase a cabo con diferentes actividades de expresión oral (speaking), rutinas, psicomotricidade e vocabulario adaptado a cada aula.

Grazas a este proxecto o alumnado ten contacto coa lingua inglesa desde idades máis temperás, ofrecendo a posibilidade de desenvolver a comprensión e expresión en inglés de maneira lúdica e natural, o que facilitará a súa continuación no proxecto plurilingüe en Educación Primaria. Nesta etapa ofértase Arts, en lingua inglesa en todos os cursos.

g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias

EDUCACIÓN INFANTIL

Os contidos nesta etapa organízanse tendendo cara un enfoque globalizador, que se entende como a opción que determina que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacións globais, situacións comunicativas, conflitos ou cuestións sociais, problemas de calquera tipo, nas cales se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas. Na proposta didáctica terán cabida o traballo por proxectos.

Aos nenos e ás nenas se lles ofrecerán situacións de aprendizaxe nas que poidan facer propostas, tomar decisións, organizar e anticipar as súas accións. Aprenden porque teñen interese polo que fan, senten curiosidade e van relacionando as novas aprendizaxes co que xa saben. Deste modo:

- Comparten os seus intereses coas familias, e prodúcese unha comunicación familia-escola moi importante.

- Con esta metodoloxía son cada vez máis autónomos e máis protagonistas do seu propio proceso ensino/aprendizaxe.

- Téñense en conta os intereses do alumnado, á vez que se xeneran novas inquietudes con respecto ao mundo que os rodea.

- Os erros son o camiño para atopar a vía correcta, reforzando as accións positivas que realizan.

Ofreceranse sempre actividades onde se desenvolvan diferentes tipos de habilidades e capacidades. Para acadalo empregaremos unha organización espacial que permita ao alumnado levar a cabo diferentes propostas á vez e que o alumnado teña variedade para realizar. Destacarán os ambientes de aprendizaxe, recunchos, estacións de traballo...

O xogo como actividade propia desta etapa é imprescindible, xa que as nenas e nenos mentres xogan, manipulan obxectos nun espazo e nun tempo, crean e transforman formas, tamaños, espazos, volumes, establecen relacións, deseñan situacións, manifestan as súas vivencias e experiencias e van afondando en novos niveis de relación e de interacción.

A afectividade será o fío condutor de todas as situacións de ensino-aprendizaxe. As nenas e os nenos deben sentirse

seguros e construír coñecemento a partir da formación dunha autoimaxe positiva.

O emprego de diferentes linguas, con especial énfase nas da súa contorna, incorporaranse ás rutinas cotiás, xogos ou canción de modo que permitan a inmersión con naturalidade nos distintos códigos lingüísticos do mundo global que os rodea.

O traballo con ferramentas tecnolóxicas estará sempre orientado cara ó emprego destas como xeradoras de contidos e non transmisoras pasivas de información. O alumno se iniciará no seu emprego de forma transversal, pero sempre dende unha maneira responsable, respectando os tempos de uso, minimizando a exposición ás pantallas e empregando recursos acordes a súa idade e estado madurativo.

EDUCACIÓN PRIMARIA

A metodoloxía empregada nesta etapa estará fundamentadas en principios metodolóxicos básicos aplicables en todas as áreas do currículo. Nos primeiros cursos da Educación Primaria terase en conta a vinculación metodolóxica coa etapa anterior e nos últimos cursos a vinculación coa etapa seguinte.

A metodoloxía será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa. Para isto prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Consecuentemente, os principios metodolóxicos que enmarcan a nosa actividade docente pretenden:

- Atender á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Proxectos significativos e de actualidade que partan dos coñecementos previos do alumnado e do seu contorno próximo, así como dos seus centros de interese, os cales fomentarán a súa curiosidade e a motivación pola aprendizaxe.
- Aprendizaxes integradas que faciliten a contextualización de proxectos, pequenas investigacións no medio, resolución de problemas concretos, realización de debates sobre temas de actualidade nas que o alumando avance na consecución dos obxectivos propostos.
- Favorecer, mediante o traballo por proxectos, a organizar o pensamento favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses e a tarefa investigadora a través dun proceso no que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe.
- Potenciar o traballo colaborativo e en equipo, a práctica vivenciada da participación, compromiso democrático e resolución pacífica de conflitos.
- Fomentar a motivación, curiosidade e a necesidade de adquirir e aplicar coñecementos, destrezas, actitudes e valores.
- Fomentar habilidades que permitan ao alumnado utilizar de forma autónoma a biblioteca e as TIC como recursos de aprendizaxe.
- Fomentar hábitos de lectura a través do Plan Lector, 20 minutos diarios na hora de Ler, e a través de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes en calquera soporte e formato.
- Fomentar hábitos de vida saudable a través da promoción do deporte e a inclusión das prácticas deportivas na vida cotiá, a través da reflexión sobre os hábitos alimentarios e a importancia da hixiene e o aseo para a mellora da saúde individual e colectiva.
- Utilizaranse todos os recursos materiais, organizativos e humanos para responder ás necesidades e características do alumnado.

Para levar a cabo estas actividades partiremos dos coñecementos previos do alumnado, tendo en conta as súas aprendizaxes anteriores e o seu desenvolvemento cognitivo e emocional. Utilizarase unha metodoloxía activa, manipulativa e contextualizada, achegando ó alumnado ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, así como da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, favorecendo a realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas que permitan a utilización do pensamento lóxico.

h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso

O plan específico de reforzo e recuperación, tanto para o alumnado que repita curso como para o alumnado que promociona con materias suspensas, é un documento organizativo dentro das medidas ordinarias de atención á diversidade do alumnado.

As accións que se planifiquen e se realicen han de estar integradas na programación docente.

Este plan incluirá:

1. Identificación do alumno/a
2. Motivos da incorporación do alumno/a a este plan

3. Avaliación inicial: recollida de datos dos informes final de competencias e capacidades do curso anterior, informe dos especialistas de PT/AL, se houbera, entrevista coa familia, e a avaliación inicial ao principio de curso.
4. Estándares de aprendizaxe e competencias adquiridas
5. Estándares de aprendizaxe e competencias non adquiridas
6. Metodoloxía: baseada no traballo colaborativo, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos
7. Modalidade dos apoios; apóstase polos apoios dentro da aula ordinaria porque resulta máis normalizador e pode crear un clima positivo de cooperación, favorece as relacións interpersoais, permite aproveitar mellor os recursos e os materiais, xérase un estilo de aprendizaxe máis dinámico, participativo e aberto, favorece a coordinación, a elaboración conxunta de material adaptado e facilita a toma de decisións
8. Información á familia.

O reforzo educativo e de apoio a este alumnado será realizado, polos/as mestres/as con dispoñibilidade horaria, así como polos especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, sempre e cando a atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais o permita.

i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso

O alumnado que non promocioe de curso seguirá un plan específico personalizado, orientado á superación das dificultades detectadas no curso anterior. Estes plans van orientados á consecución dos obxectivos e competencias clave, mediante a modificación ou adaptación dos contidos, metodoloxía ou avaliación, así como un seguimento personalizado do alumnado.

O principal obxectivo do plan é conseguir que o alumnado supere as dificultades detectadas no curso escolar anterior.

Este Plan incluirá:

1. Identificación do alumno/a
2. Avaliación inicial: recollida de datos dos informes final de competencias e capacidades do curso anterior, informe dos especialistas de PT/AL, se houbera, entrevista coa familia, entrevista coa titora do curso anterior e a avaliación inicial ao principio de curso.
3. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición de curso, estándares de aprendizaxe e competencias non adquiridas
4. Medidas ordinarias aplicadas no curso ou cursos anteriores
5. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento
6. Recursos necesarios para o desenvolvemento do planificación
 - a) materiais
 - b) humanos: apóstase polos apoios dentro da aula ordinaria porque resulta máis normalizador e pode crear un clima positivo de cooperación, favorece as relacións interpersoais, permite aproveitar mellor os recursos e os materiais, xenérase un estilo de aprendizaxe máis dinámico, participativo e aberto, favorece a coordinación, a elaboración conxunta de material adaptado e facilita a toma de decisións
7. Medidas extraordinarias, de ser o caso
8. Acreditación da información á familia
9. O reforzo educativo e de apoio a este alumnado será realizado, polos/as mestres/as con dispoñibilidade horaria, así como polos especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, sempre e cando a atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais o permita.

No caso de ter que establecer medidas extraordinarias, dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, e nos elementos de acceso ao currículo, unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou ben porque estas resultaron insuficientes, estableceranse as que se recollen na Orde do 8 de setembro de 2021 que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de setembro que regula a atención á diversidade, sendo éstas as seguintes:

- Adaptacións Curricular
- Agrupamentos flexibles: só se poderán realizar en 5º e 6º curso de EP
- Apoio do profesorado de PT e/ou AL
- Flexibilización da duración do período de escolarización, reducindo ou ampliando a permanencia nunha determinada etapa.
- Atención educativa: domiciliaria, hospitalaria, virtual, medidas de responsabilidade penal, violencia de xénero e/ou acoso escolar, familias itinerantes, procedente do estranxeiro
- Grupos de adquisición de linguas

- Grupos de adaptación da competencia curricular

j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación

Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, primando o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior e elaborárase un plan de reforzo ou de recuperación.

Cando un alumno/a non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado. Neste caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo personalizado para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grado de adquisición das competencias correspondentes.

Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal.

Segundo estas premisas na avaliación de cada alumno teranse en conta as seguintes posibilidades:

- Que o alumno acade a cualificación positiva en todas as áreas. Neste caso promocióname de curso ou etapa.
- Que o alumno xa teña repetido unha vez na etapa, polo que non poden repetir máis. Neste caso promocióname de curso ou etapa por imperativo legal.

- Que o alumno non acade a avaliación positiva en todas as áreas. Neste caso considérase a conveniencia de que o alumno/a promocióne ou non ao curso ou etapa seguinte, a partir de análise dos seguintes aspectos:

a) Valoración do progreso en cada unha das áreas. O carácter global da avaliación na educación primaria permite que o profesorado poida adoptar decisións de promoción valorando o distinto peso formativo que poidan ter as distintas áreas. Pode darse o caso de que determinados alumnos promocióname con avaliación negativa nunha ou varias áreas.

Con todo, convén matizar nestes casos as carencias específicas. Non promocióname nos seguintes casos:

a. Cando leve cualificación negativa nas áreas de Lingua Galega e Lingua Castelá.

b. Cando leve cualificación negativa na área de Matemáticas e máis nunha das áreas de Lingua (galega ou castelán)

c. Cando leve avaliación negativa en tres áreas, independentemente das que sexan.

b) A conveniencia de permanecer nun curso determinado para acadar con maior solidez as aprendizaxes básicas, especialmente polo que se refire en segundo de Educación Primaria vai aprender as técnicas instrumentais que lle serán imprescindibles para progresar nos outros cursos.

c) As repercusións, positivas ou negativas, que o cambio de grupo pode ter sobre o alumno/a, segundo o seu grado de integración, carácter, personalidade.

d) A conduta do alumno/a e a influencia que puidera ter a mesma no seu grupo se promocióname, ou no grupo novo se non o fai.

e) A actitude cara o traballo, o progreso e o esforzo en función das súas capacidades.

f) A opinión de pais ou tutores/as legais, que serán informados e escoitados previamente ás resolucións que se tomen.

g) A consulta ao Departamento de Orientación do centro nos casos que proceda.

h) Calquera outra consideración particular que poida ser oportuna.

Ao finalizar os cursos segundo e cuarto o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.

Ao finalizar a etapa o profesorado titor elaborará un informe sobre a evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con nee deberase reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso

O equipo docente propoñerá o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superen todas as áreas da etapa e obteñan sobresaliente ao rematar a Educación Primaria polo menos en 8 áreas, e que demostren un rendemento académico excelente.

l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas

O profesorado desenvolverá o currículo establecido, segundo os Decretos de Educación Infantil (Decreto 150/2022, do 8 de setembro) e Educación Primaria (Decreto 155/2022, do 15 de setembro), mediante a programación didáctica de cada área. Contarán cos seguintes elementos:

- Introducción
- Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
- Relación de unidades didácticas
- Distribución do currículo nas unidades didácticas
- Avaliación das unidades didácticas
- Concrecións metodolóxicas
- Materiais e recursos didácticos
- Procedemento para a avaliación inicial
- Criterios de cualificación e recuperación
- Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes
- Procedementos para acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias
- Medidas de atención á diversidade
- Concreción dos elementos transversais
- Actividades complementarias
- Procedementos para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos indicadores de logro
- Procedementos de seguimento, avaliación e proposta de mellora

Para a súa elaboración empregárase a aplicación informática PROENS. Nas reunións de inicio de curso, as familias faráselles un resumo da programación que contará cos seguintes puntos:

- Explicación da programación na páxina web
- Explicación dos obxectivos básicos da materia
- Mínimos esixidos para a superación da materia
- Criterios de avaliación e cualificación e mecanismos de revisión
- Elementos transversais
- Actividades complementarias

m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas

Atendendo a autonomía pedagóxica e organizativa do centro, o centro participa en distintos plans e proxectos, ofertados pola Consellería de Educación e outras entidades.

Os criterios para a participación nos contratos programa, PFPP, Plurinfatil, Plurilingüe, Plambe, Plan Proxecta... son os seguintes:

- Información ao claustro
- Información á CCP
- Análise do proxecto: que teña unha acción orientadora no proceso educativo, colaboración interdisciplinar....
- Compromiso da implicación no proxecto por parte do profesorado
- Información ao Consello Escolar

n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular

O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular, realizarase periodicamente de xeito anual, mantendo así dito documento actualizado fronte ás modificacións que sexa preciso realizar para adecuar este documento ás características do alumnado e a súa realidade educativa.

Cabe destacar que sempre se axustará o seu contido ás novas modificacións legislativas que vaian xurdindo e aos cambios metodolóxicos que vaian xurdindo para unha mellora no proceso de ensino-aprendizaxe.

o) Outros apartados

1. Situacións de aprendizaxe

Enténdese por situacións de aprendizaxe todas as actividades que implican o despliegue por parte do alumnado de actuacións asociadas para acadar ás competencias clave.

Elaborar situacións de aprendizaxe require motivar ao alumnado, fomentando tanto o traballo en equipo como o individual. Trátase de levar a cabo actividades que resulten interesantes aos estudantes e que lles supoñan un reto para que profundicen na súa propia aprendizaxe, á vez que se estimula a súa educación emocional.

Deben estar ben contextualizadas e ser respectuosas coas experiencias previas do alumnado e as súas diferentes formas de comprender a realidade, polo tanto, búscase ofrecer ao alumnado a oportunidade de conectar as súas aprendizaxes e aplicarlas en contextos cercanos á súa vida cotiá.